

## **Regulamento dos traballos fin de máster (TFM) da titulación de Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética impartido na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña**

*Aprobado pola Comisión Académica do Máster Universitario en  
Bioloxía Molecular, Celular e Xenética o 17 de abril de 2026*

|                                                                                  |   |
|----------------------------------------------------------------------------------|---|
| PREÁMBULO .....                                                                  | 1 |
| CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....                                            | 2 |
| Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación .....                                   | 2 |
| Artigo 2. Normativa aplicable .....                                              | 2 |
| CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM.....                                 | 2 |
| Artigo 3. Matrícula do TFM.....                                                  | 2 |
| Artigo 4. Realización do TFM.....                                                | 3 |
| CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados.....                       | 4 |
| Artigo 5. Oferta e asignación do TFM .....                                       | 4 |
| Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos ..... | 5 |
| CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación .....                             | 5 |
| Artigo 7. Defensa do TFM .....                                                   | 5 |
| Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM .....                                    | 7 |
| CAPÍTULO V. Disposicións finais.....                                             | 8 |
| Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....                              | 8 |
| Disposición final primeira. Habilitación .....                                   | 8 |
| Disposición final segunda. Entrada en vigor.....                                 | 8 |

### **PREÁMBULO**

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de máster na titulación de Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética impartido na Facultade de Ciencias, en diante MU en BMCX.

## **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFM da titulación de MU en BMCX impartido na Facultade de Ciencias da UDC.
2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFM da titulación de MU en BMCX da Facultade de Ciencias, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.
3. A Comisión do MU en BMCX da Facultade de Ciencias será competente na xestión de todo o proceso relativo aos TFM, asegurando a aplicación do regulamento.

### **Artigo 2. Normativa aplicable**

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

## **CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM**

### **Artigo 3. Matrícula do TFM**

1. A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFM, o plan de estudos do MU en BMCX non contempla recomendacións previas e, por tanto, non se contemplan restricións adicionais de matrícula ás xa aplicables no regulamento da matrícula da UDC vixente. No caso do MU en BMCX, o alumnado deberá matricularse de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.
3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFM mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.
4. A matrícula dará dereito á defensa do TFM en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFM non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

#### **Artigo 4. Realización do TFM**

1. O TFM supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do profesorado propio do centro ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo.

O número máximo de persoas directoras será de dous e deberán ter o título de doutor/a. Polo menos un/unha dos/das directores/as deberá estar incluído no POD do máster, quen tamén exercerá de titor/a académico.

Poderán dirixir doutores/as do Instituto Nacional de Investigaciones Biomédicas de A Coruña (INIBIC) e, nestes casos, necesitarase un/unha titor/a académico/a incluído no POD do máster.

O TFM poderá contar coa dirección de persoas externas de entidades colaboradoras que, no caso de non ter o título de doutores/as, deberán ter unha categoría equivalente a MECES 3, unha traxectoria profesional recoñecida, e o visto bo da Comisión Académica do Máster. Nestes casos, a Comisión Académica asinaralles un/unha titor/a académico/a incluído no POD do máster.

2. O TFM ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de máster.

Os temas que se propoñan para a realización do TFM, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

3. A/O estudante poderá desenvolver parte do TFM ou a súa totalidade nunha empresa ou noutro organismo distinto á UDC, no marco dun convenio de prácticas. A Comisión Académica do Máster velará porque o desenvolvemento do convenio de prácticas no marco do cal se desenvolva o TFM non sexa coincidente nin amose duplicidade coas prácticas externas, contempladas na estrutura académica do máster, aínda que poida desenvolverse na mesma empresa ou institución.

4. É función das/os directoras/es:

- a) Especificar as características do traballo no documento Proxecto Formativo do TFM, e orientar á/o estudante no desenvolvemento do mesmo.
- b) Realizar un seguimento da elaboración do TFM e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Cualificar o traballo da/o estudante seguindo as rúbricas da materia. De non acadarse unha cualificación igual ou superior ao cinco, as/os directoras/es non poderán autorizar a defensa.

É función dos/as titores/as académicos/as:

- a) Remitir ós membros do tribunal a cualificación do alumnado dirixido, debidamente asinada.
- b) Incluír os datos do Proxecto Formativo de TFM na aplicación SIGMA e verificar que a documentación aportada pola/o estudante no Espazo TFE é completa e correcta.

5. É función dos/as directores/as e/ou dos/as titores/as académicos/as Comprobar que non se cometeu calquera tipo de fraude na elaboración do TFM.

### **CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados**

#### **Artigo 5. Oferta e asignación do TFM**

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFM, determinado pola xunta de centro, é a Comisión Académica do Máster.

A oferta e asignación do TFM realizaranse exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

- a) A proposta xenérica de temas e directores/as farase pública na web do máster a finais do curso anterior.
- b) Nos meses de setembro e outubro todos/as os/as estudantes poderán contactar co profesorado correspondente para seleccionar unha das propostas xenéricas o facer as súas propias propostas. Tamén, co mesmo fin, poderán contactar con persoal externo á UDC.
- c) Os acordos establecidos entre estudantes e titores/as formalizaranse asinando o documento Proxecto Formativo de TFM, que terá ser depositado no espazo TFE de SIGMA correspondente.
- d) Os/As estudantes que no teñan presentado o Proxecto formativo de TFM a 31 de outubro serán convocados pola coordinación do máster para unha sesión de selección de destinos e preferentes. De haberen coincidencias na preferencia de destino, a orde de selección establecerase segundo a orde de prelación publicada da lista de admisión no máster (comezando por a lista do prazo adiantado, seguida por a lista do prazo ordinario e, por último, a lista ou listas dos prazos extraordinarios).
- e) Os/As estudantes matriculados na Universidade de Palermo (UNIPA) mediante o convenio de dobre titulación terán un prazo específico unha vez que se incorporen á UDC no segundo cuatrimestre.
- f) Finalizado o prazo de asignación, en todo caso antes do 30 de novembro, todos/as os/as titores/as terán que incluír os datos contidos no Plan Formativo do TFM na aplicación SIGMA.

Os traballos de renovación do curso anterior tamén terán que ser consensuados entre directores/as e estudantes. Unha vez consensuada a renovación, o director ou directora copiará a oferta do curso anterior e asociará esta copia á convocatoria do curso vixente no circuíto de TFM do máster nas datas que se indiquen no calendario correspondente.

2. A Comisión Académica do Máster velará porque todo o estudiantado matriculado poida realizar o TFM, con garantías de igualdade e oportunidades entre o alumnado e o profesorado.

#### **Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos**

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFM corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.

2. No caso de que o traballo sexa realizado nunha entidade colaboradora ou no seo dun proxecto de investigación con manexo de información sensible ou reservada, se aplicará o Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento dos traballos fin de grao e fin de mestrado na UDC, seguindo o Procedemento para TFE suxeitos a protección de datos da Facultade de Ciencias vixente.

3. A/O estudante deberá respectar as normas de seguridade e prevención de riscos da UDC ou, de ser o caso, da empresa/institución de acollida.

### **CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación**

#### **Artigo 7. Defensa do TFM**

1. O TFM só poderán ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de máster, agás os correspondentes aos propios do TFM.

No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFM non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.

3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFM realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) O/A estudante deberá acceder ao espazo TFE en SIGMA para seleccionar a inscrición nun período de defensa do TFM dentro dos dispoñibles (segundo o calendario de TFM do máster).

b) Preto do momento da defensa do TFM, nas datas establecidas e publicadas en cada curso e para cada convocatoria, o título definitivo nos tres idiomas deberá figurar na aplicación e ser coincidente co que figure na memoria presentada ó tribunal. Este trámite deberá ser realizado por o/a titor/a académico/a na aplicación.

c) A memoria definitiva terá que ser depositada polo/a estudante no espazo TFE nos prazos dispostos do calendario de TFM.

4. Para a defensa e avaliación do TFM o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

As convocatorias de defensa do TFM realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente.

- a) Haberá catro oportunidades no curso: decembro, xuño, xullo e setembro.
- b) As datas de defensa en cada oportunidade, así como os prazos de entrega das memorias e calquera outra documentación requirida serán aprobadas pola Comisión Académica do Máster e publicadas no calendario xeral do máster.
- c) A hora e lugar de realización de defensa dos TFG establecerase pola secretaría do centro de acordo coa dispoñibilidade das infraestruturas do centro.

5. A defensa do TFM realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.

- a) O estudantado matriculado en modalidade presencial deberá defender o seu traballo de forma presencial e publicamente.
- b) estudantado matriculado en modalidade híbrida ou virtual poderá defendelo de forma presencial ou virtual.
- c) O/A estudante da modalidade presencial poderá solicitar, de forma motivada e debidamente acreditada, a defensa do TFM a distancia, facendo uso das oportunas ferramentas tecnolóxicas. Dita solicitude realizarase ante a coordinación do máster, cun mínimo de 15 días naturais antes da data de defensa. A resolución será emitida pola Comisión Académica do Máster, baseándose nos seguintes criterios:
  - Estudantes que acrediten que a súa cidade de residencia está a máis de 80 Km da cidade de A Coruña.
  - Estudante que acrediten un contrato de traballo a tempo completo.
  - Estudantes que acrediten unha enfermidade ou lesión que incapacite o seu desprazamento.
  - Calquera outra casuística que, a criterio da Comisión Académica do Máster, poida ser considerada.

6. A defensa dos TFM terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.

O acto de defensa se realizará mediante comunicación oral en calquera dos idiomas oficiais e, de ser o caso, en inglés.

7. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia

TFM, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFM.

### **Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM**

1. Os TFM serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.

As porcentaxes de cualificación entre o tribunal e o/a director/a do traballo se especifican na guía docente do TFM do máster.

Constituiranse tantos tribunais como sexa necesario dependendo do número de estudantes matriculados, que serán distribuídos de maneira equitativa. Velarase por unha axeitada rotación na composición dos tribunais.

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. O/A director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal.

Poderán formar parte dos tribunais avaliadores calquera PDI doutor con docencia no máster, así como os/as colaboradores/as externos do INIBIC. As persoas designadas como suplentes actuarán en caso de forza maior ou causa sobrevida.

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

O nomeamento de presidente, vogal e secretaria/o se realizará por maior categoría e antigüidade. No caso de actuación dalgún/unha suplente, non será preciso actualizar as figuras do tribunal de acordo cos criterios previos. Independentemente da categoría e/ou antigüidade, o/a secretario/a do tribunal deberá ser un PDI con docencia no máster e acceso á aplicación SIGMA.

4. Será función do tribunal avaliar a memoria escrita e a exposición oral do/a estudante, seguindo as rúbricas publicadas na páxina web do máster.

No caso de que se obteña a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe a/o estudante con recomendacións para a mellora do traballo. Enviaráselle copia deste informe aos/ás directores/as.

No caso de haber algunha incidencia durante o acto de defensa, será tamén función do tribunal resolvela.

A/O secretaria/o publicará no Campus Virtual da materia a cualificación, será a/o encargada/o de pechar as actas en SIGMA e de custodiar as mesmas, unha vez finalizado o período de revisión e reclamacións das cualificacións.

5. Para a defensa pública do TFM, cada estudante disporá dun tempo máximo de **10** minutos. Os membros do tribunal realizarán as observacións e preguntas que consideren acaídas nun tempo de 20 minutos no conxunto das intervencións. A non resposta a ningunha das preguntas dos membros do tribunal será motivo suficiente para non acadar a cualificación final de aprobado.

6. So os TFM revisados coa ferramenta Turnitin ou similar poderán ser subidos ao Repositorio Institucional da Universidade da Coruña (RUC). O estudiantado fará a solicitude expresa a través do xestor SIGMA na que o/a director/a tamén deberá autorizar co mesmo xestor. É responsabilidade do/a estudante asegurarse de que a memoria presentada non incorra en plaxio. O tribunal, si así o considera necesario, poderá vetar a publicación de traballo no repositorio enviando á Biblioteca da Facultade de Ciencias o documento de Non autorización de depósito no RUC do tribunal.

7. A memoria definitiva, xunto con o documento de Autorización de depósito no RUC do estudante debidamente cumprimentado, deberán ser enviados ao Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias por parte do/da estudante.

## **CAPÍTULO V. Disposicións finais**

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

Quedan derogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

Regulamento polo que se rexerán os Traballos de Fin de Máster (TFM) no Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña (UDC) (Aprobado pola Comisión Académica do Máster o 18 de xuño de 2025).

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Facúltase á Comisión Académica do Máster para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación no propio curso académico da súa publicación.

O decano da Facultade de Ciencias